

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO
(A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2018**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO DO BNG:

M^a Purificación Seixido
Gómez (**Ausente**)
Juan Carlos Taracido López
Uxío Cerecedo González
(**Ausente**)

GRUPO DO PP:

Ana M^a López Fernández
Alberto Balado Ramonde
(**Ausente**)
José M. Pérez Lorenzo
(**Ausente**)

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Alberto Iglesias Fraguela
Jonathan I. Miranda Lucas
M^a José Fraguela López

GRUPO MIXTO:

Antonio Nieto Llana

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás nove horas do día trinta dez de agosto de dous mil dezaoto, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE
30/07/2018.**

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.
.....

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE
30/07/2018.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión anterior, de 30/07/2018, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta é aprobada por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e BNG, e unha abstención do grupo municipal do PP. Prodúcese abstención de Antonio Nieto Llana, por non asistir á sesión anterior.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.

Vista a proposta da Alcaldía de data 26/07/2018, que di:

“Vista a Conta Xeral do exercicio 2017, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2017, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se remataron os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada en data 19/06/2017 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2017.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 117, de data 21/06/2018, a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que non se formularon alegacións á Conta Xeral, segundo consta no certificado de secretaría de data 26/07/2018.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo a seguinte proposta de

ACORDA:

PRIMEIRO: *Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2017, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.*

SEGUNDO: *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas”.*

O Alcalde explica que o outro día a Conta xeral se levou ao Pleno ordinario, por urxencia, como asunto fóra da orde do día, e que non foi aprobada a correspondente urxencia, polo que se volve a traera ao presente pleno extraordinario. Explica que se trata da Conta xeral que deixa pechada o anterior Interventor con respecto ao exercicio 2017.

Ana M^a López comenta que a dúbida que ten é que o Interventor comentou que a diferenza que había era respecto a unhas facturas que non se meteran a tempo, e que estaba pendente do permiso do Estado.

O Alcalde explica que se trataba das facturas que entraron en xaneiro con data de decembro, e que o que fixo o Interventor foi incorporar as facturas, arrastrar dita partida e pagalas.

O Pleno corporativo, por seis votos a favor dos grupos municipais do PSdeGA, BNG e Grupo Mixto e unha abstención do grupo municipal do PP

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2017, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO: Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as nove horas e vinte minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo: José Miguel Alonso Pumar

Asdo: Alejandra Pardo Vázquez